

ACTA NÚM. 3/2022.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 20 DE ABRIL DE 2022.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 20 de abril de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

- . PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

- . PP:

NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

- . BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asiste: MARÍA FARIÑA BELLÓN.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.02.2022.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.02.2022 AO 13.04.2022.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2022 E CADRO DE PERSOAL.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2/2022.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DE DESAFECTACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE LUAÑA.

8º) RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 10.03.2022, CON CORRECCIÓN DE ERROS DO 11.03.2022, DE DOAZÓN PARA O APOIO AOS REFUXIADOS/AS UCRAÍNOS/AS.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE.

10º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2023-2025.

11º) MOCIÓNS.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.02.2022.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 2/2022, do 16.02.2022.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aproba-la.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.02.2022 AO 13.04.2022.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000063/2022	11/02/2022	NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN LAMIÑO.
000064/2022	11/02/2022	M.C. Nº 01/2022: I.R. EJERCICIO 2021 (INVESTIMENTOS POS+ 2021 FINANCIADOS ÍNTEGRAMENTE CON COMPROMISOS DE ACHEGA).
000065/2022	11/02/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DO POS + 2021: PAVIMENTACIÓN DA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
000066/2022	14/02/2022	SUBVENCIÓN MANTEMENTO ESCOLA DE MÚSICA 2022.
000067/2022	14/02/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE REDACCIÓN DOS PCAP E PPT E AVALIACIÓN DE CRITERIOS SUBXECTIVOS DE OFERTAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DA INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA.
000068/2022	14/02/2022	DECRETO NOMEAMENTO XURADO PREMIO LAUDAMUCO 2022.
000069/2022	14/02/2022	DECRETO SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN TÉCNICO DE CULTURA 2022.
000070/2022	15/02/2022	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
000071/2022	16/02/2022	TRASLADO DE EXPEDIENTE DE BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN DE HABITANTES AO INE.
000072/2022	16/02/2022	CONTRATO MENOR PARA ACCESO, ASISTENCIA E MANTEMENTO DA PLATAFORMA CIBERSAD 2022.
000073/2022	16/02/2022	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
000074/2022	17/02/2022	DECRETO PARA A RECUPERACIÓN E EMBECEMENTO DE ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS DE BRIÓN.
000075/2022	17/02/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS REFERIDAS AO MES DE XANEIRO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000076/2022	18/02/2022	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/02.22 - FEBREIRO 2022.
000077/2022	18/02/2022	DECRETO APROBACION DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA, SANEAMENTO, DEPUTARACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 4ºTRIMESTRES DE 2021.

000078/2022	21/02/2022	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 159.
000079/2022	21/02/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 22/02/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000080/2022	21/02/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONSERXERÍA DO CEIP DE PEDROUZOS.
000081/2022	21/02/2022	DECRETO DAS BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO 2022.
000082/2022	21/02/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE PRODUTIVIDADE PERSOAL FUNCIONARIO. ASISTENCIAS 2021.
000083/2022	22/02/2022	DECRETO SUBVENCIÓN PEL-CONCELLOS DEPUTACIÓN 2022.
000084/2022	23/02/2022	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. Nº 03/2022-D.
000085/2022	23/02/2022	DECRETO SOLICITUDE SUBVENCIÓN FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022.
000086/2022	24/02/2022	DECRETO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN APROL RURAL 2022.
000087/2022	24/02/2022	DECRETO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN RISGA 2022.
000088/2022	24/02/2022	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PLAN MELLORA CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023.
000089/2022	24/02/2022	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 44.
000090/2022	24/02/2022	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA DO POS + 2021: ABASTECIMENTO E SANEAMENTO SAN SALVADOR E O CABO.
000091/2022	24/02/2022	ALTA XANTAR NA CASA Nº 45.
000092/2022	25/02/2022	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. Nº 04/2022-D
000093/2022	25/02/2022	SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS 2022.
000094/2022	25/02/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE SISTEMA DE AEROTERMIA PARA O CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
000095/2022	25/02/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. FEBREIRO 2022.
000096/2022	28/02/2022	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 114.
000097/2022	28/02/2022	DECRETO DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN DE SERVIZO NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS DUN EMPREGADO MUNICIPAL.
000098/2022	28/02/2022	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - FEBREIRO 2022.
000099/2022	01/03/2022	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2022.
000100/2022	01/03/2022	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2022.
000101/2022	01/03/2022	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO. CANON MES XANEIRO CONTRATO CONCESIÓN SERVIZO DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
000102/2022	01/03/2022	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA. PO: 0000018/2022.
000103/2022	01/03/2022	PERSONACIÓN NO RECURSO ANTE O XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA. PO: 0000018/2022.
000104/2022	02/03/2022	REMISIÓN DE AMPLIACIÓN DO EXPEDIENTE DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO P.O. 0000162/2021.
000105/2022	02/03/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/5.
000106/2022	02/03/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/6 (+3.000€).
000107/2022	02/03/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/8 CONTRATO.
000108/2022	03/03/2022	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000109/2022	03/03/2022	PROVISIÓN DE FONDOS PERITO - TSXG CON/AD SECCIÓN 3ª P. ORDINARIO 0007215/2020 E 0000127/2020.
000110/2022	03/03/2022	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000111/2022	03/03/2022	DEVOLUCIÓN DE FIANZA.
000112/2022	03/03/2022	DEVOLUCIÓN DE FIANZA.
000113/2022	04/03/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE SAÚDE DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA ALDEA DE TOURIS (POS + 2021).
000114/2022	04/03/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS DE: MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA ALDEA DE TOURIS.
000115/2022	04/03/2022	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 73.
000116/2022	04/03/2022	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON

		DISCAPACIDADE Nº 74.
000117/2022	04/03/2022	DECRETO PADRÓN PREVENCIÓN-INSERCIÓN SEGUNDO TRIMESTRE CURSO 2021-2022.
000118/2022	04/03/2022	APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN DE UN/A ARQUITECTO/A INTERINO/A.
000119/2022	07/03/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 08/03/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000120/2022	07/03/2022	LISTA DEFINITIVA, NOMEAMENTO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA 1º EXERCICIO PRAZA OFICIAL IV-PEÓN.
000121/2022	08/03/2022	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2020-D.
000122/2022	08/03/2022	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DUN CAMIÓN IVECO MATRÍCULA 4146GFS.
000123/2022	08/03/2022	DECRETO SOLICITUDE SUBVENCIÓN SOCORRISMO DEPUTACIÓN 2022.
000124/2022	08/03/2022	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. Nº 05/2022-D.
000125/2022	08/03/2022	DECRETO DE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXIANCIA E CONTROL FRONTE Á VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) ANUALIDADE 2022.
000126/2022	08/03/2022	APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES DE BOLSA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS INTERINOS.
000127/2022	08/03/2022	DECRETO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO99500000025269.
000128/2022	09/03/2022	LIQUIDACIÓN COSTAS XUDICIAIS RECURSO APELACIÓN 0004361/2018 T.S.X. GALICIA.
000129/2022	09/03/2022	CONTRATO MENOR REVISIÓN E MANTEMENTO CAMIÓN DE BOMBEIROS 2356LNS.
000130/2022	09/03/2022	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARZO.
000131/2022	09/03/2022	DECRETO CONVENIO CO MINISTERIO DE EDUCACIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA AULA MENTOR.
000132/2022	10/03/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA FEBREIRO.
000133/2022	10/03/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA FEBREIRO.
000134/2022	10/03/2022	DOAZÓN PARA O APOIO AOS REFUXIADOS/AS UCRAÍÑOS/AS.
000135/2022	11/03/2022	DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO DECRETO 134/2022 DO 10/03/2022.
000136/2022	14/03/2022	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº160.
000137/2022	14/03/2022	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 161.
000138/2022	14/03/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS REFERIDAS AO MES DE FEBREIRO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000139/2022	15/03/2022	PLANS PRESUPOSTARIOS A MEDIO PRAZO 2023-2025.
000140/2022	15/03/2022	NOMEAMENTO DE INSTRUTOR EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.
000141/2022	15/03/2022	SELECCIÓN PERSOAL PEL-CONCELLOS 2022 (INTEGRACIÓN LABORAL).
000142/2022	16/03/2022	BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN DE HABITANTES.
000143/2022	16/03/2022	APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.
000144/2022	17/03/2022	PAGO GASTOS DE ASISTENCIAS AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL (OEP 2019).
000145/2022	21/03/2022	DEVOLUCIÓN INGRESO.
000146/2022	21/03/2022	CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN MUNICIPAL.
000147/2022	21/03/2022	APROBACIÓN TAXACIÓN COSTAS P.O. 0000244/2017 E 0000192/2017 XDO. CONTENCIOSO ADMTVO Nº3 .
000148/2022	21/03/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 22/03/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000149/2022	22/03/2022	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 06/2022-D.
000150/2022	22/03/2022	DECRETO RECOÑECIMENTO DEREITO DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO TRAS REMATE PRAZO DE AUDIENCIA.
000151/2022	22/03/2022	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 162.
000152/2022	22/03/2022	LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E NOMEAMENTO DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN.
000153/2022	24/03/2022	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2020-D.

000154/2022	24/03/2022	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MANTEMENTO ASCENSORES.
000155/2022	25/03/2022	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. MARZO 2022.
000156/2022	25/03/2022	M.C. Nº 02/2022: X.C. PEL CONCELLOS DEPUTACIÓN 2022 (PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL).
000157/2022	25/03/2022	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/03.22 - MARZO 2022.
000158/2022	25/03/2022	COTA ASOC. CONCELLOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DA RÍA DE MUROS NOIA - ANO 2022.
000159/2022	28/03/2022	PLAN CONCERTADO SERVIZOS SOCIAIS 2022.
000160/2022	29/03/2022	SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACION PARA O DESENVOLVEMENTO DO V FESTIVAL BRIÓN INCLUE.
000161/2022	29/03/2022	CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN "AMIGA" PARA O ASESORAMENTO DE PERSOAS INMIGRANTES E RETORNADAS DURANTE 2022.
000162/2022	29/03/2022	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PEL-CONCELLOS 2022 (INTEGRACIÓN LABORAL).
000163/2022	30/03/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MÓDULOS SOLARES FOTOVOLTAICOS PARA O CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
000164/2022	30/03/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/9.
000165/2022	30/03/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/10 (+3.000).
000166/2022	30/03/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DE NÓMINA. MARZO 2022.
000167/2022	30/03/2022	DECRETO PREMIOS DESFILE DE ENTROIDO.
000168/2022	30/03/2022	NOMEAMENTO DE ARQUITECTA INTERINA.
000169/2022	31/03/2022	ALTA NO PROGRAMA DE XANTAR A DOMICILIO DE M.S.P.V.
000170/2022	31/03/2022	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2022.
000171/2022	31/03/2022	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2022
000172/2022	31/03/2022	DECRETO DE CORRECCIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. MARZO 2022.
000173/2022	31/03/2022	ASIGNACIÓN DE NOVO NÚMERO E DIRECCIÓN DA VIVENDA CON REFERENCIA CATASTRAL 0271508NH2407S0001TW.
000174/2022	31/03/2022	DECRETO DE CONTRATACIÓN CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN-PEL-CONCELLOS 2022 (INTEGRACIÓN LABORAL).
000175/2022	31/03/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/11 CONTRATO.
000176/2022	31/03/2022	PADRÓN ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA 2º TRIMESTRE CURSO 2021/2022.
000177/2022	31/03/2022	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - MARZO 2022.
000178/2022	01/04/2022	APROBANDO CONVOCATORIA DAS PRAZAS DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO.
000179/2022	01/04/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/12 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000180/2022	01/04/2022	DECRETO-CONVENIO CON "SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAHUI" 2022.
000181/2022	04/04/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 05/04/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000182/2022	07/04/2022	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 163.
000183/2022	07/04/2022	LIQUIDACIÓN COSTAS PCI 0004162/2021 REC. CASACIÓN AUT. T.S.X. GALICIA CON/AD SEC. 2 002.
000184/2022	07/04/2022	RESOLUCIÓN SANCIONADORA DE TRÁFICO 99500000025498.
000185/2022	07/04/2022	DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO PREVISTA NO CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN PARA A XESTIÓN CONXUNTA DA ETAP AMES-BRIÓN.
000186/2022	07/04/2022	DECRETO PADRÓN TAXAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ABRIL.
000187/2022	08/04/2022	OBRADOIRO DE EMPREGO RENOVA V EN CONVENIO CO CONCELLO DE AMES.
000188/2022	08/04/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE TRAMPEO PROFESIONAL DA VESPA VELUTINA.
000189/2022	08/04/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA MARZO.
000190/2022	08/04/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MARZO.
000191/2022	11/04/2022	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 07/2022-M.

000192/2022	11/04/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/15.
000193/2022	12/04/2022	RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA AS BASES DE SELECCIÓN DUN POSTO DE ARQUITECTO/A INTERINO/A.
000194/2022	12/04/2022	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) O 19/04/2022 ÁS 13:15 HORAS.
000195/2022	12/04/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 19/04/2022 ÁS 13:00 HORAS.
000196/2022	12/04/2022	DECRETO SANCIÓN AUGAS DE GALICIA
000197/2022	13/04/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 20/04/2022 ÁS 13:00 HORAS.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2022 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.04.2022, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2022 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2022, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2022
Capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.094.360,30
Capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	163.505,14
Capítulo 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.477.999,20
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.126.315,20
Capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.240,29
Capítulo 6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓN	0,00
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	196.661,18
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCIEROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
OPERACIÓN NON FINANCIERAS o recursos		7.061.081,31
	OPERACIÓN CORRENTES	6.864.420,13
	OPERACIÓN DE CAPITAL	196.661,18
OPERACIÓN FINANCIERAS		24.000,00
TOTAL		7.085.081,31

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2022
Capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	2.658.091,75
Capítulo 2	GASTOS BENS CORRENTES/SERVICIOS	3.025.269,16
Capítulo 3	GASTOS FINANCIEROS	12.100,00
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	555.225,87
Capítulo 5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREV.	

Capítulo 6	INVERSIÓNS REAIS	810.394,53
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCIEROS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS o empregos		7.061.081,31
	<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	6.250.686,78
	<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	810.394,53
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		24.000,00
TOTAL		7.085.081,31

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2022, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que na elaboración do orzamento participaron todos os concelleiros do equipo de goberno e contouse coa implicación do persoal de cada servizo e chegouse a acordo na Mesa Xeral de Negociación; tratase de recuperar a normalidade de antes da pandemia; non hai préstamos previstos e incrementouse o gasto social nun 16% e subimos tamén en fomento do emprego ou en cultura, entre outros; en materia de educación baixou debido a que os gastos que orixinou o Covid agora xa non se prevén, o gasto de monitores do comedor.

Engade que os investimentos tamén suben lixeiramente con respecto ao exercicio anterior destacando as obras do POS+2022, as do Plan de mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, e as financiadas integramente con cargo a fondos propios, nas que se inclúen as melloras en diversas estradas municipais de todo o Concello, así como o proxecto de mellora da eficiencia enerxética por importe de 250.000 euros.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que nada que obxectar pola nosa parte.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que teño que remarcar, un ano máis, que por desgraza os orzamentos chegan catro meses máis tarde, normalmente se aprobaban en febreiro; nós recoñecemos o traballo dos traballadores municipais e persoal político, pero botamos de menos que se fale cos grupos da oposición e cos veciños, non así coa Mesa de Negociación; non se nos chamou para nada, o goberno municipal sabe que non somos moito de rezar e por iso no lo enviou en Semana Santa.

Respecto do orzamento propiamente dito teño que dicir que as taxas e os prezos públicos se incrementan nun 4%, e vemos que nas liquidacións dos orzamentos seguimos medrando o remanente de tesourería, o cal quere dicir que os bancos seguen forrándose a vosa costa mentres hai déficits en servizos aos veciños; que na partida para gastos en xardíns baixa, pero é porque están moi descoidados, e chama a atención que non se teña en conta a problemática do comedor escolar, porque este ano non se contempla ningunha partida; o orzamento é restritivo con respecto ao do ano 2019, non se pode comparar co do ano anterior; agora se incorpora novamente a excursión dos maiores, xa veremos como queda o tema entre gastos e ingresos.

Engade que a en materia de promoción turística baixa ata 9.500 euros, non se lle da importancia a este tema; os gastos en camiños veciñais sube porque sempre o fai o ano anterior ás eleccións; a partida de gastos en estudos e traballos técnicos sube moito, pero non sei a que corresponde, e o gasto social sube pero como consecuencia da excursión dos maiores, nada máis; os ingresos por sancións de tráfico suben moito polo que haberá que ter coidado onde se aparca, e sinalar que a execución do orzamento cada ano baixa máis, que o importante do orzamento non é poñer números, senón executalo, e que este Concello sempre destacou polo gran nivel de execución do orzamento, e baixamos 13 puntos na execución orzamentaria.

A pesar de que se diga no orzamento que non temos débeda, debe ser un erro, posto que debemos os PAIS da Deputación que se empezan a amortizar en 2023; finalmente sinalar que no informe de intervención se di que o orzamento se presenta fóra de prazo e fai unha advertencia sobre o persoal laboral temporal; sinalar que non hai nada consignado no fondo de continxencia, xa veremos, ao mellor co tempo en que estamos ten que tirarse del.

Engade que seguimos sen coñecer os criterios para as subvencións nominativas e non consta o informe de intervención sobre as mesmas que solen estar reparadas, se ben se elimina algunha subvención coa que estamos de acordo porque non era nada nin cultural nin deportivo.

Remata sinalando que o orzamento se axusta á legalidade tecnicamente, pero non supón melloría respecto do orzamento anterior á pandemia; medio ambiente segue a ser unha partida residual e conciliación e comedores non teñen partida; esquécese o equipo de goberno do orzamento como ferramenta política de traballo, limítase a facer un orzamento sen criterios de xestión, non existe comunicación cos destinatarios do orzamento, é dicir, cos veciños.

Segue a fomentarse a tesourería, debemos xestionar o superávit en favor dos veciños, estamos con vostedes para iso. O orzamento implica responsabilidade e a nosa polo momento é non impedir o traballo dos técnicos e por iso non nos imos opoñer, non son os nosos números nin as nosas formas, pero por responsabilidade, ímonos abster.

O Sr. Alcalde sinala que fixo vostede unha exposición moi bonita, e seguramente o orzamento chega tarde como noutras administracións onde vostedes están, que a interventora está compartida coa mancomunidade e é de agradecer o traballo que fixo, o importante é que estea ben elaborado, non as previsións, e tiveches catro meses para traer propostas, non hai que esperar que estean os orzamentos presentados para traelas, e igual o incremento de gastos nos camiños é consecuencia das propostas doutros grupos políticos que se trouxeron aquí; vós non trouxeches nada e agora xa non é posible, entendo que isto é política e por iso entendo a abstención, e remata sinalando que cando teñades algunha proposta, presentala, e pódese estudar.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o da débeda é un erro como confirma a interventora, e que na Deputación aprobouse en decembro, e en Carballo e Pontevedra en xaneiro, e en Ames tamén está aprobado, aquí fora de prazo; engade que nós na Deputación en outubro ou novembro reunímonos cos grupos da oposición, e nós aquí todo o ano traemos propostas en forma de mocións, rogos e preguntas e as veces metedes algo no orzamento.

Remata sinalando que xa sabemos que son fabas contadas, pero que co remanente temos marxe de actuación porque as regras fiscais están suspendidas, esa é a nosa opinión.

O Sr. Alcalde sinala que cando se aprobe a liquidación do orzamento de 2021 e con cargo ao remanente de tesourería, que se estima será duns seis millóns de euros aproximadamente, tense previsto licitar unha obra de mellora de camiños que comprenderá diversas parroquias, así como as obras para a construción de dous parques cubertos e a mellora da sinalización de todo o Concello, e tamén se realizarán con fondos propios con cargo ao remanente diversas obras de mellora de instalacións deportivas, como as obras de ampliación do pavillón municipal que non cubra a subvención nominativa solicitada á Deputación, e a mellora do campo de fútbol de Bastavales, entre outras; e finalmente, como xa saben, tamén se ten solicitado ao IDAE unha subvención por importe de 2.000.000 de euros, para a renovación do alumeadado público.

As bases de execución son as mesmas do ano pasado, e quero rematar a miña exposición agradecendo unha vez máis o traballo de todo o equipo de goberno e de todo o persoal dos departamentos que participaron na elaboración do orzamento.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.04.2022, que transcrita di:

Visto o informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello, no que se se propón a aprobación dunha nova ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal, en aplicación do contido da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que no artigo 23.Seis dispón as actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, e máis da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifican a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para impulsar actuacións que finalmente axuden a conseguir a gratuidade total da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023, e co fin de adaptar o servizo municipal da escola infantil municipal a esa normativa.

Vistos os informes de secretaría e intervención, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a nova ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal, cuxo texto se reproduce de seguido:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a utilización dos servizos da escola infantil municipal de Brión, exceptuando o servizo de atención educativa, que se establece como gratuíto en base ao recoñecemento da necesidade de compensación económica establecida no artigo 23.Seis da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, por parte da consellería competente na materia de servizos sociais.

Artigo 3. Suxeitos obrigados tributarios.

Están obrigados ao pagamento da taxa os pais/nais dos nenos/as en situación de alta na escola infantil municipal de Brión, e no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4. Devengo.

O devengo producirase no momento en que os usuarios utilicen os servizos da escola infantil municipal. Todos os usuarios aboarán a contía de 11 mensualidades por curso, non devengándose o mes de agosto por tratarse do mes sinalado como vacacional.

Artigo 5. Pagamento.

Para os efectos de cobro, os/as usuarios/as que fagan uso dos servizos da escola infantil municipal terán a obriga de presentar unha conta bancaria onde se cargarán por adiantado os recibos, nos 20 primeiros días naturais do mes a que correspondan. No caso de que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro de mes, a cota correspondente incluírase no padrón do mes seguinte.

No caso de utilización do servizo de comedor en días soltos, realizarase o pagamento deste servizo a mes vencido.

A falta de asistencia ao centro non supón redución nin exención algunha da cota establecida mentres non se formalice a baixa correspondente.

Non poderá renovar praza ou tomar posesión da praza xa renovada, o/a solicitante que en cada un dos momentos correspondentes teña pendente o pagamento dalgunha mensalidade de calquera dos cursos de permanencia na escola infantil municipal.

Os recibos que resulten impagados e os gastos de devolución bancaria de ditos recibos, serán obxecto de cobro polo procedemento establecido na Lei xeral tributaria unha vez que transcorra o período de pago voluntario fixado no anuncio de aprobación dos padróns mensuais.

Artigo 6. Determinación dos importes a pagar.

Os importes a pagar veñen determinados en función da renda per cápita mensual da unidade familiar.

Para os efectos da aplicación desta ordenanza, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Enténdese por unidade familiar a formada por:

- Os cónxuxes non separados legalmente, as parellas que formen un núcleo estable de convivencia, e as familias acolledoras con medidas administrativas de tutela ou garda.

- Os fillos ou menores acollidos convivintes de ambos membros da parella (comúns ou non) que sexan: menores, maiores de idade incapacitados xudicialmente e suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os maiores de dezoito anos discapacitados cun grao superior ao 33% recoñecido que carezan de rendas anuais superiores á cantidade fixada na lexislación do IRPF para aplicar o mínimo por descendente con discapacidade.

b) Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire o apartado a) cando formase parte dela un único proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, e sempre que o outro proxenitor/a non contribúa economicamente ao seu sustento. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

c) Entenderase por renda per cápita o resultado de dividir entre o número de membros computables da unidade familiar, a suma das rendas individuais de cada membro correspondentes ao derradeiro exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración estivese vencido na data da presentación da solicitude. As rendas individuais calcularanse coa suma da base imponible xeral e a base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa no imposto sobre a renda das persoas físicas.

d) Acreditación: o importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado mediante a presentación das copias certificadas pola Administración Tributaria das declaracións do IRPF ou, de non ter obriga de presentala, coa certificación correspondente da Axencia Tributaria e as certificacións de ingresos referidos ao mesmo período (do INEM, Seguridade Social, empresa

contratante...etc).

Artigo 7. Prezos e tarifas.

Os prezos máximos establecidos segundo os servizos son:

SERVIZOS ORDINARIOS:

-Prezo/mes do servizo de atención educativa e asistencial: 0,00 para xornada completa (8 horas), reducida (6 horas) e media xornada (4 horas).

-Prezo/mes do servizo de xantar e sesta (alumnado de 1 a 3 anos): prezo unitario do menú reflectido no correspondente contrato de xestión do servizo en cada momento, por 20 (media de días/mes lectivos). Só aplicable a xornadas completas de 8 horas.

-Prezo/mes do servizo de almuerzo: 15% do prezo correspondente ao xantar.

-Prezo/mes do servizo de merenda: 15% do prezo correspondente ao xantar.

SERVIZOS EXTRAORDINARIOS:

-Prezo/mes do servizo de xantar por días soltos (a requerimento): prezo unitario do menú reflectido no correspondente contrato de xestión do servizo en cada momento, polo número de días solicitados de servizo.

-Prezo/mes do servizo de xornada ampliada (3,5 h/día-17,5 h/semana): 50% do importe correspondente a servizos ordinarios.

-Prezo/ano do servizo de subministro de material escolar: 10,00 €

As tarifas a aboar polos servizos ordinarios, serán o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes en relación á RPC familiar, sobre os prezos resultantes:

- RPC familiar entre o 0% e o 30% do IPREM: 5%
- RPC familiar entre o 30% e o 50% do IPREM: 15%
- RPC familiar entre o 50% e o 100% do IPREM: 30%
- RPC familiar entre o 100% e o 150% do IPREM: 75%
- RPC familiar superior ao 150% do IPREM: 100%

As tarifas a aboar polos servizos extraordinarios serán iguais aos prezos establecidos para ditos servizos.

Artigo 8. Bonificacións.

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo resultante de aplicar o disposto no artigo anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) 20% a crianzas que pertencen a unha familia numerosa.
- b) 20% a crianzas dunha unidade familiar monoparental.
- c) 100% de desconto a familias para as que, de xeito excepcional, se emita informe dos Servizos Sociais Municipais recomendando esta medida de cara a garantir a cobertura de necesidades básicas do/a menor usuario/a ou o desenvolvemento dun proxecto de inserción para o grupo familiar, incluíndose neste suposto os casos de necesidades de horas extras puntuais en situacións urxentes ou inexcusables, debidamente xustificadas.

Así mesmo as unidades familiares cunha renda per cápita anual inferior ao 75% do IPREM, poderán diminuír esta restando ao cómputo anual xeral os importes aboados en concepto de alugueiro ou hipoteca polo uso da vivenda habitual cun límite de 3.600,00 €/ano (300,00 €/mes). A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 9. Variacións e suspensións temporais de pagos.

As familias terán dereito a solicitar en calquera momento a revisión das cotas individuais establecidas, por razón de variacións importantes sobrevidas que modifiquen de xeito apreciable a súa capacidade económica. A estes efectos, a variación deberá ser como mínimo dun 20% respecto da capacidade económica resultante no exercicio fiscal aplicable, e manterse no tempo durante polo menos os catro meses inmediatamente anteriores á solicitude de revisión. Do mesmo xeito, o concello terá a potestade de revisar de oficio as cotas individuais establecidas, e a solicitar canta documentación considere oportuna para verificar as posibles variacións na capacidade económica dos usuarios, tanto á baixa como á alza.

Os suxeitos obrigados ao pago, non terán a obriga de aboar as cotas correspondente aos servizos de xantar, almuerzo, merenda e/ou xornada ampliada, durante os seguintes períodos:

- Primeira quincena da mensualidade correspondente a unha nova incorporación cando, por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc) se obteña praza despois do día 15 do mes (aboarase o 50% da cota pola segunda quincena).
- Durante a totalidade ou a primeira quincena do mes de setembro (ao comezo do curso escolar), ou do mes no que se producirá o período de adaptación, facendo constar a petición de suspensión temporal na correspondente solicitude de praza.
- Durante o mes de vacacións anuais obrigatorias (mes de agosto), ou pola formalización de solicitude de suspensión temporal dun mes ou dunha quincena por disfrute de vacacións nun período diferente ao xeral establecido (solicitude necesariamente formalizada con 10 días de antelación).
- Durante 15 días consecutivos ao longo do curso escolar, pola formalización de solicitude de suspensión temporal por razóns distintas ás vacacións obrigatorias anuais. Neste caso, deberá xustificarse a causa da suspensión e solicitar esta cunha antelación mínima de 10 días, excepto nunha situación de urxencia debidamente acreditada, na que a solicitude de suspensión se formalizará á maior brevidade posible.
- Durante o tempo no que, por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado por un período superior a cinco días naturais, realizándose o rateo para o desconto das cantidades correspondentes no recibo do mes seguinte a aboar.

En calquera caso a solicitude de suspensión temporal de cota debe ser solicitada formalmente ante o Concello de Brión, xuntando a documentación acreditativa das circunstancias que a motivan, e será o concello quen resolverá sobre a procedencia ou non da suspensión.

No seu caso, o desconto das cantidades xa aboadas por servizos suspendidos, e as cotas debidas por reanudación dun servizo, realizarase no recibo do seguinte mes a pagar.

A non asistencia do usuario/a por un período ou causa diferentes aos establecidos anteriormente, non da dereito á redución das tarifas correspondentes mentres non se formalice a baixa no servizo facturado ou na escola infantil. A falta de uso dos servizos contratados durante 15 días consecutivos ou alternos sen unha causa xustificada, causará a baixa inmediata no servizo, poñéndose este á disposición das persoas usuarias en lista de agarda.

Artigo 10. Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derogatoria.

A presente ordenanza fiscal derroga á ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos

servizos da escola infantil municipal publicada no BOP nº 72, do 18 de abril de 2016.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas, e os prezos establecidos serán de aplicación desde o día 1 de setembro de 2022.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.04.2022, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, que consta de:

- . Providencia da alcaldía do 14.03.2022.
- . Proposta - memoria da alcaldía do 14.03.2022.
- . Informe de secretaría do 14.03.2022.
- . Informe de intervención do 24.03.2022.

Antecedentes:

O Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) regúlase nos artigos 104 a 110 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLRFL).

Historicamente este imposto foi obxecto de controversia, xa que pola propia configuración legal da base imponible, estaba a someter a tributación situacións de inexistencia de incremento real de valor en transmisións de terreos de natureza urbana. É dicir, a normativa do tributo tiña en conta o valor catastral do terreo no momento do devengo e non no valor real de incremento patrimonial.

O Tribunal Constitucional pronunciouse en varias ocasións sobre o fondo desta cuestión. Así, a Sentenza do Tribunal Constitucional 59/2017, de 11 de maio de 2017, declarou inconstitucionais e nulos os artigos 107.1, 107.2.a) e 110.4, do TRLRFL, aprobado por RDL

2/2004, pero unicamente na medida en que sometían a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

Posteriormente o TC por Sentenza 126/2019, de 31 de outubro de 2019, declarou inconstitucional o artigo 107.4, respecto dos casos nos que a cota a satisfacer fora superior ao incremento patrimonial realmente obtido polo contribuínte.

Recentemente o TC ditou a Sentenza 182/2021, de 26 de outubro de 2021, que declara a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 107.1, segundo párrafo, 107.2.a) e 107.4 do TRLRFL, deixando un vacío normativo sobre a determinación da base imponible. Esta circunstancia impedía a esixibilidade do imposto, na medida en que deixaba de existir un método de cálculo da base imponible.

Tras esta última sentenza do TC, o lexislador procedeu á modificación da normativa reguladora do tributo a través do Real decreto lei 26/2021, do 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do IIVTNU.

A Disposición transitoria única do RDL 26/2021 establece un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, para modificar as ordenanzas fiscais, mencionando que ata que entre en vigor esta modificación resultará de aplicación o disposto no RDL 26/2021.

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

As modificacións propostas da vixente ordenanza fiscal reguladora deste imposto consisten en adaptar dita ordenanza á lexislación vixente, así como propoñer unha modificación das bonificacións da cota reguladas no artigo 10º, tendo en conta a nova situación na que só se tributará pola plusvalía real.

A continuación relaciónanse as modificacións propostas no texto da vixente ordenanza fiscal:

Modificación do artigo 3º:

Engádense dous supostos de non suxeición, e se modifica un apartado, o b), para adaptalo á Lei orgánica 2/2022, do 21 de marzo, de mellora da protección das persoas orfas vítimas de violencia de xénero:

A apartado b) queda coa seguinte redacción:

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adjudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan aos cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmoables entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal for o réxime económico matrimonial. Así mesmo, non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmoables a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio se levará a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

c) As achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma; nos termos establecidos no artigo 104.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.”

Este suposto de non suxeición supón a adaptación deste artigo 3 ao establecido no artigo 104.4 do TRLRFL, modificado pola Lei 26/2013, de 27 de decembro, de caixas de aforro e fundacións bancarias.

d) Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales o suxeito pasivo do imposto acredite a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras do parágrafo anterior tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.”

Nesta modificación refléxanse como suposto de non suxeición ao imposto as operacións de transmisións de terreos nas que non existe un incremento real de valor ou plusvalía, en consonancia coa modificación operada no normativa do tributo a través do RDL 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do IIVTNU.

Modificación do artigo 4.

Engádese un suposto de exención:

“c) as transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Con todo, se con posterioridade comprobábase o contrario, procederase a virar a liquidación tributaria correspondente.”

Este cambio efectúase para completar os supostos de exención, adaptándoos á modificación do artigo 105.1 do TRLRFL, operada pola Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Modificación do artigo 6:

Modificación do método de determinación da base imponible, reflectindo os dous métodos actuais: sistema obxectivo de determinación da base imponible (por aplicación de coeficientes) e sistema de determinación pola plusvalía real.

Dáse cumprimento ao mandato do TC, de que o método obxectivo de determinación da base imponible non sexa o único método legalmente admitido.

Modificación do artigo 8:

Substitúense as porcentaxes anuais aplicables sobre o valor do terreo no momento do devengo do imposto por coeficientes máximos en función do número de anos transcorridos dende a transmisión anterior.

Inclúese a previsión de tomar como base imponible o incremento real do valor, a instancias do suxeito pasivo, cando este sexa inferior á base imponible calculada por aplicación de coeficientes.

Modificación do artigo 10:

Propónse reducir en cinco puntos porcentuais as porcentaxes de bonificación aplicables con ocasión das transmisións de terreos o a tramitación ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio realizadas por causa de morte, tendo en conta a nova situación na que só se tributa polos incrementos reais de valor.

- Para valores de cotas tributarias de ata 10.000 €, pásase do 95% ao 90%
- Para valores de cotas tributarias de máis 10.000 € a 20.000 €, pásase do 90% ao 85%
- Para valores de cotas tributarias de máis de 20.000 €, pásase do 85% ao 80%

Finalmente se fan modificacións no texto por mor de erros ortográficos detectados e igualmente se produce unha nova numeración dalgúns artigos.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal do Concello de Brión reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, consonte á seguinte redacción do texto.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

De conformidade coas facultades normativas outorgadas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución española e polo art. 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade ao establecido nos arts. 15 e seguintes, así como no art. 59.2 e nos arts. 104 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, acórdase a imposición e ordenación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

CAPÍTULO I.

Normativa aplicable.

Artigo 1º.

O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana rexerase:

- Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que completen e desenvolvan.
- Pola presente Ordenanza Fiscal.

CAPÍTULO II.

Natureza e feito imponible.

Artigo 2º.

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos bens.

O título a que se refire o apartado anterior será todo feito, acto o contrato, calquera que sexa a súa forma, que orixine un cambio do suxeito titular das facultades dominicais de disposición ou aproveitamento sobre un terreo, teña lugar por ministerio da Lei, por actos mortis causa ou inter vivos, a título oneroso ou gratuíto.

2. Estará suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles, con independencia de que estean contemplados como tales no Catastro ou no padrón do IBI. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos definidos como urbanos nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

3. Estará así mesmo suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos cualificados como de características especiais segundo o disposto no artigo 8 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

Artigo 3º.

Non estarán suxeitos a este imposto:

- a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.
- b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan aos cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbeles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal for o réxime económico matrimonial. Así mesmo, non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbeles a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio se levará a cabo polas mulleres

falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

c) As achegas ou transmisións de bens inmoables efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma, nos termos establecidos no artigo 104.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

d) Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales o suxeito pasivo do imposto acredite a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras do parágrafo anterior tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Cando se trate da transmisión dun inmoable no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

CAPÍTULO III.

Exencións.

Artigo 4º.

1. Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmoables.

Para disfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña, ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das

súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo as obras.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaía sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Con todo, se con posterioridade comprobábase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

2. Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obriga de satisfacer aquel recaía sobre as persoas ou entidades seguintes:

a) O Estado, A Comunidade Autónoma de Galicia, e as entidades locais ás que pertenza o concello, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter da Comunidade Autónoma de Galicia e das devanditas entidades locais.

b) O Concello de Brión e as entidades locais integradas neste ou nas que se integre o concello, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter ós Organismos autónomos do Estado.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de previsión Social reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.

f) A Cruz Vermella Española.

g) As persoas ou entidades ás que ao seu favor se lle recoñecera a exención en tratados ou convenios internacionais.

CAPÍTULO IV. **Suxeitos pasivos.**

Artigo 5º.

1. Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou a persoa ou entidade que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

CAPÍTULO V.

Base imponible.

Artigo 6º.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

2. A determinación da base imponible do imposto realizarase por un dos seguintes métodos:

2.1.- Método de estimación obxectivo.

2.2.- Método en función do incremento real experimentado polo terreo.

Artigo 7º.

1. Nas transmisións de terreos de natureza urbana considérase como valor dos mesmos ao tempo de devengo deste imposto o que teñan fixados en dito momento para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións no planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme o mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez sexa obtida conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes correxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efecto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento do devengo.

Artigo 8º.

1. Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce, limitativos do dominio, a porcentaxe correspondente contida no artigo 12 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

Artigo 9º.

1. Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente contida no artigo 12 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

Artigo 10º.

1. Nos supostos de expropiación forzosa os coeficientes anuais regulados no artigo 12 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do xustiprezo que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no artigo 7 desta ordenanza fose inferior, caso no que prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

Artigo 11º.

1. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase como valor do terreo, ou da parte de este que corresponda segundo as regras contidas nos artigos 7, 8, 9 e 10 desta Ordenanza, o importe que resulte de aplicar os novos valores catastrais a redución do 40%. A devandita redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

2. A redución prevista neste artigo non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que o mesmo se refire sexan inferiores ós ata entón vixentes.

3. O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

Artigo 12º.

1. Para determinar a base impoñible a que se refiren os artigos 6 e seguintes, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 7, 8, 9, 10 e 11 desta ordenanza, os seguintes coeficientes:

PERÍODO DE XERACIÓN	COEFICIENTE
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08

14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26
19 anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45

Non obstante, en ningún caso os coeficientes relacionados no cadro anterior, poderán ser superiores aos coeficientes actualizados ao abeiro do establecido no artigo 107.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo. Nese caso aplicarse directamente os coeficientes máximos legais actualizados.

2. Para determinar o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor, só se considerarán os anos completos que integren devandito período, sen que a tales efectos poidan considerarse as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 3.d) da presente ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

CAPÍTULO VI.
Débeda tributaria
Sección primeira.
Cota tributaria.

Artigo 13º.

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo do 25%.
2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación a que se refire o artigo seguinte.

Sección segunda.
Bonificacións na cota.

Artigo 14º .

1. Gozarán de bonificación nas cotas deste imposto que se devenguen nas transmisións de terreos ou na transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizada a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, segundo a escala que se contén no apartado seguinte.
2. As bonificacións da cota a que se refire o apartado anterior aplicaranse segundo a seguinte escala:

Cota Tributaria	Bonificación.
- Atá 10.000 euros:	90 por 100.
- De 10.000,01 euros ata 20.000 euros:	85 por 100.
- máis de 20.000 euros:	80 por 100.

3. A cota tributaria para aplicación da escala de bonificación computarase pola totalidade de inmobles obxecto da transmisión lucrativa a liquidar.

CAPÍTULO VI.

Devengo.

Artigo 15º.

1. O imposto devengarase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior considerárase como data da transmisión:

a) Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

Artigo 16º.

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme ter tido lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.

2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non procedera a devolución do imposto satisfeito e se considerará como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimárase a avenencia en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.

3. Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase con cargo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria esixírase o imposto, desde logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

Artigo 17º.

O período de imposición e o tempo durante o cal o terreo pertence a un mesmo propietario ou o tempo durante o cal unha persoa é titular dun dereito real de goce limitativo do dominio, e

computarse a partir da transmisión inmediata anterior do terreo ou dereito real de goce ou dende a data de constitución deste último, calquera que sexa esa data, sempre que tivera lugar dentro dos últimos vinte anos. Se a data fose máis remota, o período de imposición limitarase a vinte anos.

CAPÍTULO VII.

Xestión do imposto.

Sección primeira.

Obrigas materiais e formais.

Artigo 18º

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar declaración-liquidación por este imposto en impreso regulamentario habilitado ó efecto pola Administración.

A declaración deberá ir acompañada dunha copia do documento ou escritura onde consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

Coa presentación da declaración do imposto, o interesado optará por un dos dous métodos de cálculo da base imponible recollidos no artigo 6 da presente ordenanza fiscal.

2. Os prazos para presentar a declaración serán os seguintes:

- Cando se trate de actos inter vivos, trinta días hábiles a partir da data de devengo.
- Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.

3. Pola administración tributaria practícaranse as liquidacións provisionais deste imposto, á vista da documentación achegada. Todo isto sen prexuízo de posteriores comprobacións administrativas, en termos do disposto nos artigos 115 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán os documentos referidos no apartado 1 anterior nos prazos sinalados no apartado 2. A administración practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referindo dito valor o momento do devengo.

Artigo 19º.

As liquidacións do imposto notificaranse integramente ós suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

Artigo 20º.

Con independencia do disposto no apartado 1º do art. 18º, están igualmente obrigados a comunicar ao concello a realización dun feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

a) Nos supostos contemplados na letra a) do art. 5º, sempre que se producira por negocio xurídico "inter vivos", o donante ou persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nos supostos contemplados na letra b) de dito art. 5º, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 21º.

De conformidade co artigo 154 da Lei hipotecaria e 414 do seu regulamento, ningunha inscrición farase no Rexistro da Propiedade sen que se acredite previamente o pagamento do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana causado polo acto ou contrato que se solicita inscribir.

Malia o parágrafo anterior, procederase de conformidade co establecido nos artigos 255 e seguintes da Lei hipotecaria.

Artigo 22º.

Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ao concello dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan os feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imposable deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria. Na relación ou índice que remitan os notarios ao concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmobles cando dita referencia se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión.

Sección Segunda.

Inspección e Recadación.

Artigo 23º.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Sección Terceira.

Infraccións e sancións.

Artigo 24º.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e disposicións complementarias.

Disposición derogatoria.

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana deste concello.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal será de aplicación a partir do día seguinte á data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2/2022.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.04.2022, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministrados e servizos prestados en anos anteriores ao 2022, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada durante os meses de febreiro e marzo de 2022.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 7 de abril de 2022, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (67.288,94 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2022/349	12/02/2022	11,66	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000099873; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOURETANS 9074 - PERIODO 30.11.2021 A	2022 920 22100

					19.12.2021	
F/2022/350	12/02/2022	7,39	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000269091; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA 0016 - PERIODO 02.12.2021 A 04.01.2022	2022 920 22100
F/2022/351	12/02/2022	182,58	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000272965; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O CASAL ALPUBL - PERIODO 01.12.2021 A 31.12.2021	2022 165 22100
F/2022/352	12/02/2022	206,71	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000276841; SUBMINISTRO ELECTRICO AV. SANTA MINIA 70 (ESCOLA MÚSICA) - PERIODO 02.12.2021 A 31.12.2021	2022 334 22100
F/2022/353	12/02/2022	24,19	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000278802; SUBMINISTRO ELECTRICO RUA PEDRIÑAS 2 (SINDICATO) - PERIODO 02.12.2021 A 31.12.2021	2022 920 22100
F/2022/354	12/02/2022	396,25	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000279964; SUBMININISTRO ELECTRICO LG/GRONZO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2021 A 31.12.2021	2022 165 22100
F/2022/355	12/02/2022	1.178,80	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000286109; SUBMINISTRO ELECTRICO AV. ANXELES 9702 SEMAFORO ALPUBL - PERIODO 01.12.2021 A 31.12.2021	2022 165 22100
F/2022/356	12/02/2022	568,62	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000281005; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS 53 BIS ESCOLA - PERIODO 01.12.2021 A 31.12.2021	2022 323 22100
F/2022/357	12/02/2022	7,39	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137000289485; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA (BASTAVALES) 9700 - PERIODO 02.12.2021 A 04.02.2022	2022 920 22100
F/2022/417	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5299; COMUNIDADE LOCAL J C.E. REAPRACION INMUEBLE - SETEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/418	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5329; COMUNIDADE LOCAL J - OUTUBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/419	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5359; COMUNIDADE LOCAL J C.E. REPARACION INMUEBLE - OUTUBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/420	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5389; COMUNIDADE LOCAL J - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/421	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5419; COMUNIDADE LOCAL J C.E. REPARACION INMUEBLE - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/422	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5449; COMUNIDADE LOCAL J - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/423	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5479; COMUNIDADE LOCAL J C.E. REPARACION INMUEBLE - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/428	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5115; COMUNIDADE LOCAL I - XUÑO 2021	2022 920 21200
F/2022/429	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5145; COMUNIDADE LOCAL I - XULLO 2021	2022 920 21200
F/2022/430	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5175; COMUNIDADE LOCAL I C.E. REPARACION INMUEBLE - XULLO 2021	2022 920 21200
F/2022/431	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5206; COMUNIDADE LOCAL I - AGOSTO 2021	2022 920 21200
F/2022/432	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5237; COMUNIDADE LOCAL I C.E. REPARACION INMUEBLE - AGOSTO 2021	2022 920 21200
F/2022/433	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5268; COMUNIDADE LOCAL I - SETEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/434	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5298; COMUNIDADE LOCAL I - SETEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/435	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5328; COMUNIDADE LOCAL I - OUTUBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/436	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5358; COMUNIDADE LOCAL I C.E. REPARACION INMUEBLE -	2022 920 21200

							OUTUBRO 2021	
F/2022/437	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5388; COMUNIDADE LOCAL I - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/439	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5418; COMUNIDADE LOCAL I C.E. REPARACION INMUEBLES - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/440	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5448; COMUNIDADE LOCAL I - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/441	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5478; COMUNIDADE LOCAL I C.E. REPARACION INMUEBLE - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/446	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5114; COMUNIDADE LOCAL H - XUÑO 2021	2022 920 21200
F/2022/447	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5144; COMUNIDADE LOCAL H - XULLO 2021	2022 920 21200
F/2022/448	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5174; COMUNIDADE LOCAL H C.E. REPARACION INMUEBLE - XULLO 2021	2022 920 21200
F/2022/449	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5205; COMUNIDADE LOCAL H - AGOSTO 2021	2022 920 21200
F/2022/450	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5236; COMUNIDADE LOCAL H C.E. REPARACION INMUEBLE - AGOSTO 2021	2022 920 21200
F/2022/451	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5267; COMUNIDADE LOCAL H - SETEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/452	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5297; COMUNIDADE LOCAL H C.E. REPARACION INMUEBLE - SETEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/453	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5327; COMUNIDADE LOCAL H - OUTUBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/454	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5357; COMUNIDADE LOCAL H C.E. REPARACION INMUEBLE - OUTUBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/455	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5387; COMUNIDADE LOCAL H - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/456	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5417; COMUNIDADE LOCAL H C.E. REPARACION INMUEBLE - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/457	15/02/2022	28,03	0,00	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5447; COMUNIDADE LOCAL H - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/458	15/02/2022	36,79	0,00	36,79	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº 5477; COMUNIDADE LOCAL H C.E. REPARACION INMUEBLE - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/469	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5113; COMUNIDADE LOCAL G - XUÑO 2021	2022 920 21200
F/2022/470	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO	FRA Nº 5143; COMUNIDADE	2022

						NOVO BLOQUES 1-2	LOCAL G - XULLO 2021	920 21200
F/2022/471	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5173; COMUNIDADE LOCAL G C.E. REPARACION INMUEBLE - XULLO 2021	2022 920 21200
F/2022/472	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5204; COMUNIDADE LOCAL G - AGOSTO 2021	2022 920 21200
F/2022/473	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5235; COMUNIDADE LOCAL G C.E. REPARACION INMUEBLE - AGOSTO 2021	2022 920 21200
F/2022/474	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5266; COMUNIDADE LOCAL G - SETEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/475	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5296; COMUNIDADE LOCAL G C.E. REPARACION INMUEBLE - SETEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/476	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5326; COMUNIDADE LOCAL G - OUTUBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/478	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5356; COMUNIDADE LOCAL G C.E. REPARACION INMUEBLE - OUTUBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/479	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5386; COMUNIDADE LOCAL G - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/480	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5416; COMUNIDADE LOCAL G C.E. REPARACION INMUEBLE - NOVEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/481	15/02/2022	29,37	0,00	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5446; COMUNIDADE LOCAL G - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/482	15/02/2022	39,15	0,00	39,15	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº 5476; COMUNIDADE LOCAL G C.E. REPARACION INMUEBLE - DECEMBRO 2021	2022 920 21200
F/2022/491	16/02/2022	1.452,00	180,00	1.272,00	X5241743C	DA SILVA PEREDES XOSÉ	FRA Nº A-1; OBRADOIRO DE TEATRO PARA NEN@S - OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO 2021 E XANEIRO 2022	2022 334 22799
F/2022/498	19/02/2022	45,88	0,00	45,88	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE22321377249110; SUBMINISTRO GAS PS BALADO (COWORKING) - PERIODO 20.11.2021 A 14.01.2022	2022 241 22102
F/2022/566	04/03/2022	369,79	0,00	369,79	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 210044; COPIAS CASA DE CULTURA - PERIODO 17.03.2021 A 11.11.2021	2022 330 21900
F/2022/567	04/03/2022	253,64	0,00	253,64	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 210045; COPIAS SERVIZOS SOCIAIS - PERIODO 17.03.2021 A 11.11.2021	2022 231 21900
F/2022/568	04/03/2022	1.809,54	0,00	1.809,54	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 210046; COPIAS OFICINAS XERAIS - PERIODO 19.03.2021 A 11.11.2021	2022 920 21900
F/2022/569	04/03/2022	6,51	0,00	6,51	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE	FRA Nº M 210047; COPIAS GES - PERIODO 19.03.2021 A 11.11.2021	2022 135 21900

						COMUNICACION S.L.U.		
F/2022/570	04/03/2022	118,25	0,00	118,25	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 210048; COPIAS ESCOLA MÚSICA - PERIODO 19.03.2021 A 11.11.2021	2022 334 21900
F/2022/571	04/03/2022	71,44	0,00	71,44	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 210049; COPIAS ESCOLA INFANTIL - ATA 11.11.2021	2022 323 21900
F/2022/850	08/03/2022	1.207,36	0,00	1.207,36	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	LIQUIDACION Nº 953; APORTACION ECONÓMICA SERVIZO XANTAR NA CASA OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2021	2022 231 45000
F/2022/892	15/03/2022	300,00	0,00	300,00	44815041R	GARCIA GIRAUT CANDIDO ALBERTO	FRA Nº A/18; VESTIARIO PERSOAL ESCOLA INFANTIL E NOVA INCORPORACION	2022 323 22104
F/2022/894	15/03/2022	750,01	0,00	750,01	A15239510	AMANCIO DEPORTES S.A.	FRA Nº A/20; VESTIARIO PERSOAL ESCOLA INFANTIL	2022 323 22104
F/2022/899	15/03/2022	53,47	0,00	53,47	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F21/4009; PRODUTOS HIXIENE E LIMPEZA - XULGADO DE PAZ	2022 920 22110
F/2022/900	15/03/2022	317,55	0,00	317,55	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F21/4008; PRODUTOS HIXIENE E LIMPEZA OFICINAS XERAIS	2022 920 22110
F/2022/901	15/03/2022	84,70	0,00	84,70	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F21/4012; MASCARILLAS FFP2 - GES	2022 135 22106
TOTAL		12.733,17	180,00	12.553,17				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DE DESAFECTACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE LUAÑA.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.04.2022, que transcrita di:

Exposición de motivos.

No inventario de bens e dereitos municipais deste concello figura afectado ao servizo público o seguinte inmovible: 1222009. ESCOLA DE PARVULOS DE LUAÑA. - Edificio dunha soa planta, construído hai máis de 70 anos polos veciños con subvención dos emigrantes da parroquia.

Situada no lugar da Igrexa. Lindes: norte e leste, adro da igrexa parroquial; sur, : oeste, estrada Gándara-Amañecida. Número 4 do lugar da Igrexa. Referencia catastral: 9546908NH1494N0001AD.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, mediante Orde do 3 de agosto de 2020, pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial, publicada no DOG do 12.08.2020, acordou suprimir o seguinte centro docente: Provincia: A Coruña. Concello: Brión. Código: 15019554. Centro: EEI da Luaña; e dende entón non se está prestando o servizo para o que foi afectado o inmovible.

Pola localización do inmovible, poderíase destinar a distintos usos de competencia municipal, non obstante para elo sería necesario acometer obras de rehabilitación do mesmo, o que implica que o concello debe ter a plena dispoñibilidade do mesmo para o é preciso proceder á alteración da cualificación xurídica do inmovible.

Por esta alcaldía se considera oportuno proceder á desafectación porque senón nuns anos o inmovible deviría en ruinoso e inservible, e non é previsible que pola Xunta de Galicia se volva a abrir ese centro para fins educativos, polo que se estima conveniente tramitar expediente para a desafectación deste inmovible do uso de centro de educación infantil para afectalo ao servizo público de uso sociocultural.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a desafectación e mutación demanial do servizo público do inmovible Escola de Párvulos de Luaña, sita no lugar da Igrexa, parroquia de San Xulián de Luaña, con referencia a catastral 9546908NH1494N0001AD, da súa actual finalidade de aulas de educación infantil, e a súa afectación simultánea ao servizo público de local sociocultural, como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

2º) Solicitar autorización previa á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, segundo o procedemento establecido no Real Decreto 3186/1978, de 1 de decembro.

3º) Unha vez obtida a autorización antedita, publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, polo prazo dun mes en virtude do disposto nos artigos 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, art. 8 do Regulamento de bens das entidades locais, e artigos 71 e 72 da Lei do patrimonio das administracións públicas, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar as alegacións que estimen pertinentes.

4º) No caso de formularse alegacións durante o trámite de información pública, serán resoltas pola corporación, considerándose aprobada definitivamente a desafectación do inmovible do uso de aula de educación infantil e a súa afectación simultánea ao uso sociocultural para o caso de que non se formularsen.

5º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a xestión e execución deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 10.03.2022, CON CORRECCIÓN DE ERROS DO 11.03.2022, DE DOAZÓN PARA O APOIO AOS REFUXIADOS/AS UCRAÍNOS/AS.

Dada conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.04.2022, que transcrito di:

Dada conta dos decretos da alcaldía do 10.03.2022, e do 11.03.2022 de corrección de erros, que transcritos din:

Decreto do 10.03.2022:

ANTECEDENTES:

Á vista da situación de emerxencia humanitaria producida polo conflito armado que está a ter lugar en Ucraína, considerando a situación das persoas refuxiadas por mor deste conflito como de alta vulnerabilidade, tendo en conta a información que parte da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional acerca da existencia de dificultades á hora de asegurar a correcta distribución de material humanitario, polo que recomenda a canalización das axudas en forma de achega económica a ONGs ou organismos internacionais que estean operando na zona de conflito, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

1º) Realizar unha doazón de 1.500,00 € para apoio ás accións humanitarias a desenvolver en favor das persoas refuxiadas por mor do conflito armado en Ucraína, con cargo á partida orzamentaria 231.480.00 de Axudas de Emerxencia.

2º) Canalizar esta achega a través da entidade ACNUR (Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Refugiados) e da súa delegación en España.

3º) Abonar esta axuda mediante o pagamento directo á entidade, a través da conta bancaria facilitada ao efecto (ES42 0182 2325 0900 1000 1000),

4º) Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos do seu coñecemento e ratificación.

Decreto do 11.03.2022, de corrección de erros:

ANTECEDENTES:

Visto o Decreto número 134/2022 de data 10/03/2022 para a doazón con destino ao apoio aos refuxiados/as ucraínos/as, no que se aprecia un erro material consistente na orde de aboamento nunha conta bancaria da entidade beneficiaria (ACNUR) non específica para a campaña en Ucraína, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Correxir o erro material do Decreto 134/2022, e onde di: "3º) Aboar esta axuda mediante o pagamento directo á entidade, a través da conta bancaria facilitada ao efecto (ES42 0182 2325 0900 1000 1000)"

Debe decir: "3º) Aboar esta axuda mediante o pagamento directo á entidade, a través da conta bancaria específica para a campaña en Ucraína facilitada ao efecto (ES42 2100 2262 1602 0028 6870), indicando como concepto UCRANIA AYUNTAMIENTO BRION"

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometido a votación o ditame de ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación do decreto sinalado nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.04.2022, que transcrita di:

ANTECEDENTES.

1. En data 25 do mes de febreiro de 2022, ten entrada no rexistro xeral do Concello de Brión, escrito da Deputación de A Coruña onde se solicita ao Concello de Brión, como administración integrante da comunidade intermunicipal, a aprobación do Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre. Dita aprobación, deberá ir asinada dixitalmente polo órgano municipal competente. Achégase con dita solicitude, a seguinte documentación:

- Acta da sesión do consello de dirección da comunidade intermunicipal do proxecto "Parque Compostela Rupestre" celebrada o 2 de febreiro de 2022 onde consta o acordo da aprobación unánime do Plan Director.

- Informe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña relativo aos acordos adoptados en dita sesión.

2. Polo Departamento Municipal de Cultura emitíuse o seguinte informe:

“ En relación coa solicitude formulada pola Deputación de A Coruña e á vista da documentación que obra no Departamento Municipal de Cultura, emítase o seguinte informe.

En data 18 de setembro de 2018, a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val de Dubra, asinaron o Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra. Proxecto Compostela Rupestre.

O dito convenio regula unha comunidade intermunicipal para a xestión conxunta do proxecto Compostela Rupestre, co obxectivo último de promocionar e valorizar as estacións rupestres nos concellos implicados. Para a consecución deste obxectivo finalista, o convenio prevé, entre outras cuestións, a redacción e aprobación dun plan director.

No mes de novembro de 2020, a Deputación da Coruña inicia o proceso de contratación do Servizo de Redacción do Plan Director do Parque Arqueolóxico. No mes de marzo de 2021, resólvese a adxudicación a favor da empresa Trivium, estratexias en cultura e turismo S.L., por un importe total de 77.440 € (IVE engadido). O contrato foi finalmente formalizado en data 8 de abril de 2021, cun prazo de execución de 6 meses para a realización dos traballos de campo e investigación e a redacción do plan.

Rematado o prazo previsto, e tras a revisión dos documentos por parte das entidades implicadas no Convenio, compre agora a súa aprobación polos órganos de goberno de cada un dos concellos.

O documento presentado do Plan Director artículase en catro grandes bloques:

Fase I. Documentación, estudo e avaliación da información.

Contén a análise relativa ao medio físico e cultural dos territorios municipais implicados no convenio. A información arqueolóxica relativa aos xacementos rupestres catalogados son presentados nun anexo específico, organizado en fichas, que inclúe 141 estacións rupestres, dous castros e unha necrópole. Nun capítulo específico analízase o estado de conservación dos petróglifos, as súas patoloxías, usos actuais dos terreos e as vías de acceso ás áreas arqueolóxicas.

Fase II. Programa de actuacións.

O programa deseñado incorpora un plan de estudo e investigación arqueolóxica, un plan de protección, conservación preventiva e mantemento e un plan de divulgación, comunicación e musealización.

O cuarto capítulo deste bloque contén o orzamento detallado para a realización dos estudos e actuacións propostas nos programas anteriores, así como un cronograma de intervencións ao longo do tempo.

Fase III. Definición do sistema de administración e xestión do parque rupestre.

O plan director proxecta os mecanismos necesarios para a xestión integral e coordinada do parque arqueolóxico Compostela rupestre, considerando os marcos xurídico e institucional do proxecto así como os recursos dos que se poden dispoñer durante os próximos anos.

Fase IV. Programa de seguimento e avaliación.

O documento presentado plantexa o establecemento de determinadas ferramentas e protocolos para o seguimento e avaliación da execución do proxecto do parque arqueolóxico.

O Plan director presentado inclúe os estudos, avaliacións e programas de actuación imprescindibles para afrontar e garantir a necesaria investigación, conservación, protección e divulgación das estacións rupestres localizadas no ámbito do proxecto. Por outra banda, plantexa estratexias e liñas de acción viables para xestionar e impulsar -a curto, medio e longo prazo- o parque arqueolóxico de Compostela rupestre.

Tendo isto en conta, o Departamento Municipal de Cultura informa favorablemente o Plan director do Parque arqueolóxico Compostela Rupestre, elaborado pola empresa Trivium, estratexias en cultura e turismo S.L.™

En vista do anterior, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre, redactado pola empresa Trivium, estratexias en cultura e turismo S.L., que consta no expediente, composto de: fase I, fase II, fase III, fase IV e anexos, e addenda n.1 ao Plan Director de data 01.01.2022.

2º) Remitir certificación deste acordo á Deputación da Coruña.

3º) Facultar expresamente a esta alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

10º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2023-2025.

Dada conta do plan orzamentario a medio prazo 2023-2025, aprobado por resolución da alcaldía do 15.03.2022, para os efectos de que o ministerio poida facer as previsións de déficit para eses anos, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

11º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

11.1. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSG-PSOE E BNG DE APOIO AO POBO SAHARAUI.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira da conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, mostramos o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prégame aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexítimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alinea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que os Grupos Municipais do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego someten a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción conxunta, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º) Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante, o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2º) Esixir do Goberno español:

a) Que se traballe na busca dunha solución política aceptable por ambas partes enmarcada nas resolucións das Nacións Unidas e que cumpra coa legalidade internacional.

b) Defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas

institución internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

c) Que esixa a Marrocos o cese inmediato da sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios do Sahara Occidental.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que quero dar as grazas ao grupo municipal do BNG por aceptar as nosa achegas na moción que tiñades rexistrado con anterioridade para este Pleno.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

11.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓ NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.

O Sr. Concelleiro Penas Corral da conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se vira producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o "imposto dos pobres" porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes.

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas

urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º) Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.

2º) Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3º) Demandar do goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

4º) Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos billetes de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5º) Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

6º) Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.

7º) Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8º) Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9º) Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10º) Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebra Gómez sinala que estamos de acordo con moitos puntos aínda que outros xa se están a xestionar polo goberno central, polo que ímonos abster.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (2).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

12.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. CREACIÓN DUN SERVIZO DE BIBLIOTECA ITINERANTE.

Dende o BNG propoñemos a través do presente rogo que o concello valore e estude a posibilidade de crear un servizo de intercambio de libros itinerante a través de caixas (tipo de coreos) distribuídas por todo o concello no cal os veciños e veciñas podan achegarse e deixar os seus libros así como coller outros. Este servizo está a funcionar en diversos lugares cun éxito mais que importante. Fomenta a lectura e a participación social.

A Srª. Concelleira Cebal Gómez sinala que parécenos unha boa idea e o bibliotecario o ten estudado, intentaremos facelo, igual non deste xeito pero algo similar, se está a traballar niso, e aproveito para convidaros a unha solta de libros este sábado co galo da celebración do día do libro.

2. SOBRE A NORMATIVA DE RUIDOS.

Ata nós chegaron algunhas queixas de problemas con algúns veciños sobre rúidos tanto no horario nocturno como diurno. Estes veciños parece ser xa expresaron a súa queixa ao concello o cal, sorpresa, non lle deu resposta algunha. Sabendo que o Concello de Brión non ten normativa algunha de rúidos, e entendendo que haberá queixas que deberán de rematar coa correspondente denuncia ante os corpos de seguridade, ten previsto o Concello de Brión traballar en algunha ordenanza propia sobre este tema mais axustada a realidade do noso concello?

A Srª. Concelleira Cebal Gómez sinala que temos constancia de problemas de rúidos entre veciños que nos transmite a policía local; non temos ordenanza pero o alcalde e a policía local tratan de solucionarlos, e temos unha ordenanza fiscal que aínda non tivo que aplicarse.

O Sr. Alcalde sinala que a algunha festa pola noite tivo que ir a policía local e sempre tentamos solucionar os problemas.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González